

OS COTOS

MAIO
2024



Dende os Cotos, con Santa María, no día da nai



*No colo da miña nai
escoitei que morreras por min
e aínda é hoxe o día que creo en Ti.*

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos,
axudamos a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa reitoral de Fornelos
o xoves día 9 e 23 de dez a doce da mañá.



Falar a lingua dun pobo é facer un pobo vivo.
Luisa Villalta é a homenaxeada este ano 2024.



219 Folla
informativa para
a comunidade
 cristiá

"A confianza"

Un bo día de verán, estaban tres bos amigos que ían sempre xuntos conversando mentres paseaban. Un deles preguntou que pasaría no futuro cando os seus camiños se separasen.

Os outros dous miráronse e quedaron pensativos reflexionando sobre onde irían. Un deles dixo:

– Seremos a auga, o lume e a confianza.

Tras uns instantes, a auga comentou:

– Se algún día os nosos camiños se separan e queredes atoparme, buscádeme nalgún lugar moi húmido, como un río ou un prado. Os amigos asentiron coa cabeza.

Entón proseguiu o lume:


– Mozos se algún día nos separamos e queredes atoparme, buscádeme en lugares calurosos e secos. Os outros dous colegas miráronse e sorríronse con complicidade.

Finalmente, a confianza falou:

– Pois se algún día nos separamos, non me busquedes, porque xamais volveredes atoparme.

Ensinanza: Non defraudes á xente que amas, porque a confianza nunca se recupera do todo. Necesítase moito tempo para construíla e tan só uns segundos para perdela.

Atopa
o camiño



SANTO PARA O MES, en maio, o día 7 e 21: XISELA

Nome de orixe xermánica que significa "frecha, lanza, caxato".

Santa Xisela, 7 de maio, coñecida tamén por Isberga era irmá do emperador Carlomagno, e viviu dende moi nova a oración e a virxinidade por amor a Deus. Fundou o mosteiro beneditino de Artois (Francia) onde viviu ata a súa morte no ano 808.

Santa Xisela, 21 de maio, raiña de Hungría no século XI era a esposa de Santo Estevo. Morreu no ano 1095 sendo abadesa de Passau en Alemaña.

CONSELLO



"Cando temos o Espírito Santo,
sentimos amor, gozo e paz."

Gálatas 5, 22-23



10 de maio DÍA DA LUZ



O día internacional da Luz foi promulgado durante unha conferencia xeral da UNESCO.

A luz representa unha vital fonte de enerxía que permite o desenvolvemento de todo o que vive e se move na Terra e fora de ela. O home pode realizar distintas funcións como ver, respirar ou reproducirse e lograr os avances que lle permitiron evolucionar.

A luz é un fenómeno que nos ofrece a natureza e que dende tempos antigos, foi obxecto de estudo polos grandes científicos de todo o mundo.

A súa importancia é tal que todo o avance tecnolóxico que hoxe dispoñemos e desfrutamos, é grazas a este increíble recurso.

Hoxe é un verdadeiro reto que a luz sexa un ben posible para todos os cidadáns que habitan no planeta. É o reto das Nacións Unidas dentro dos obxectivos do desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Para facelo máis sostible podemos coidar, valorar e racionar o uso da luz, para que desta maneira poida chegar a máis persoas. Aproveitar máis a luz natural en vez da artificial. De nós depende ter un mundo máis sostible.



No noso bautismo, na nosa Vixilia Pascual, nas nosas celebracións sempre está representada a Luz. É a Luz que nos guía polo camiño que nos leva a seguir as pegadas de Xesús.

O Papa Francisco: a LUZ

“Cada un de nós está chamado a recibir a luz divina para manifestala con toda a propia vida”

“A luz do mundo é a luz que aclara nosas tebras”

“O amor é no fondo a única luz que ilumina constantemente o mundo escuro”



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MAIO

DÍA 5	LECTURA	1 Xn 4, 7-10	O que non ama aínda non coñece a Deus
	EVANXEO	Xn 15, 9-17	Amádevos uns a outros coma irmáns
DÍA 12	LECTURA	Feit 1, 1-11	Xesús foi levado de entre vós ao ceo
	EVANXEO	Mc 16, 15-20	Ide e pregoade a Nova de Deus
DÍA 19	LECTURA	Feit 2, 1-11	Quedaron cheos do Espírito Santo
	EVANXEO	Xn 20, 19-23	Como o Pai me enviou tamén eu vos envío
DÍA 26	LECTURA	Rm 8, 14-17	Co Espírito de Cristo clamamos ao Pai
	EVANXEO	Mt 28, 16-20	Ide e facede discípulos a todos